

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 11 DE FEBREIRO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

- 1866/06.- Santiago Sur, S.L.-** Obras e apertura (**Lap/298/07**) de uso residencial comunitario (9 viv. e 3 unidades de residencial comunitario) na parcela M4-B2 do SUP-6 de Sta Marta.-  
**607/07.- Ruafer, S.A.-** Edificio (25 viv. ) no quintero 10 do SUP-7 de Pontepedriña.-  
**114/08.- Ruafer, S.A.-** Edificio (34 viv.) no quintero 11 do SUP-7 de Pontepedriña.-  
**113/08.- Ruafer, S.A.-** Edificio (60 viv.) no quintero 12 do SUP-7 de Pontepedriña.-  
**642/07.- Ruafer, S.A.-** Edificio (45 viv.) no quintero 14 do SUP-7 de Pontepedriña.-  
**1676/07.- Monte do Corgo Sociedade Cooperativa Galega de Vivendas.-** Construcción de 4 bloques de edificios para 204 viv. e 23 unidades de residencial comunitario (**Lap/18/08**), no SUP-7 de Pontepedriña.-

#### PARCELACIÓN.-

- 2518/07.- Mosbrey, S.L.-** Parcela sita no Lugar de Cacharela, Aríns (-).-

#### PRÓRROGA.-

- 74/08.- José Mª Castro Rial.-** Viv. unif. en Rúa Travesa, Marantes (+).-

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

- 857/07.- Jesús Cea Varela.-** ...Expte..1166/94.....180.000 Ptas..... (1.081,82 €).-  
**32/05.- Iglesias Carreira, S.L.-**....Expte....529/98.....118.400 Ptas.....(711,60 €).-

#### PROPOSTA MODELO TIPO DE QUIOSCO DA O.N.C.E.: MODELO CHAMADO "MIÑO"

#### **3.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico e Rehabilitación referente á aprobación de axuda para mantemento de edificio (expediente ME-35).**

Apróbanse unha subvención de 1.910 euros para o mantemento dun edificio na rúa Espírito Santo.

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico e Rehabilitación referente á aprobación de axuda para aprobación definitiva de axuda para elementos especiais de madeira (expedientes 33/2006, 11/2006, 25/2006, 6/2006, 8/2006, 6/2006 e 1/2006).**

Apróbase definitivamente 7 axudas para elementos especiais de madeira por importe total de 29.875 euros.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto reformado de obras de urbanización do solo urbanizable número 13 (SUNP-13) (Carretera da Estrada).**

Apróbase o proxecto refundido presentado o 8 de xaneiro de 2008 polo IGVS, no que se recollen as modificación incorporadas ao Proxecto de Urbanización do SUNP-13 (Carretera da Estrada). Estas modificacións fan referencia ao nó de enlace entre os sectores SUNP-12 e SUNP-13 baixo a estrada nacional Santiago-Ourense e a variacións no deseño das infraestruturas de abastecemento e saneamento.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto do vial de conexión entre o solo urbanizable programado número 6 (SUP-6) de Santa Marta, e o solo urbanizable non programado número 22 (SUNP-22) de Castro de Abaixo.**

Apróbase o proxecto do vial de conexión entre o SUP-6 de Santa Marta e o SUNP-22 de Castro de Abaixo, presentado por Emuvissa o 17 de decembro de 2007.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución do recurso de reposición interposto por ROFEMAR, S.A. contra o acordo relativo ao pagamento de indemnizacións na reparcelación do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes.**

Rexéitase o recurso de reposición interposto por ROFEMAR, SL, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2007, relativo ao pagamento do valor das construcións existentes na parcela inicial número 66 da reparcelación do polígono 1 do SUP-2 (Cornes).

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do orzamento para realización dun concerto de presentación do "book" de promoción dos grupos dos locais municipais de música para xuventude de Compostela.**

Apróbase a realización dun concerto de promoción para os grupos dos locais municipais de música para a xuventude de Compostela, a celebrar o 15 de febreiro, e un orzamento de 3.847 euros.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do orzamento para desenvolver as actividades formativas do centro sociocultural e xuvenil municipal O Ensanche.**

Apróbase o orzamento destinado ao desenvolvemento de actividades formativas no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal do Ensanche no ámbito das novas tecnoloxías, por un importe de 8.071 euros.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.**

Acórdase solicitar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar unha subvención por importe de 12.900 euros para as actividades do Plan de Voluntariado 2008. O Concello realiza unha achega de 2.580 euros.

**11.- Prórroga do contrato de Servizo de Atención domiciliaria da infancia.**

Acórdase a prórroga do contrato de servizo de atención domiciliaria da infancia, subscrito coa empresa CLECE, SA, por un ano a contar desde o 16 de marzo de 2008, así como a revisión do prezo de adxudicación conforme ás variacións correspondentes ao IPC, o que supón un importe de 83.295 euros.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/10/07.**

Desestímase o recurso presentado polo San Pedro F.C, motivado polo incumprimento do prazo estipulado na entrega de documentación solicitada nas bases da convocatoria.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento dos membros do Consello Municipal de Educación.**

Apróbase o nomeamento dos membros do Consello Municipal de Educación.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á revisión de tarifas do Mercado de Gando de Amio.**

Apróbase a actualización das tarifas do Mercado de Gando para o ano 2008 segundo o IPC.

**15.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á revisión de tarifas dos aparcamentos públicos para o ano 2008.**

Autorízase a revisión das tarifas dos aparcamentos de San Clemente, Hórreo, San Caetano, Praza de Vigo, Praza de Galicia, Romero Donallo, Punte Castro-A Rosa e Praza Roxa, para a súa aplicación a partir da data de aprobación.

**16.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral.**

Dáse conta da devandita sinatura, formalizada o 2 de xaneiro de 2008, para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, por un importe de 133.320 euros.

**17.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e Unión Fenosa Distribución S.A., con data 9 de xaneiro de 2008.**

Dáse conta do devandito convenio polo que o Concello de Santiago concede a Unión Fenosa autorización especial do dominio público do espazo de terreo ocupado polo Centro de Transformación (situado nun terreo contiguo á Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo e que ocupa unha superficie útil de 38 metros cadrados) que substitúe ao instalado nas inmediacións da Igrexa de Santa María do Camiño.

#### URXENCIAS

1.- Acórdase a subscrición ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Consumo e o Concello de Santiago para o proxecto de desenvolvemento e mellora dos servizos municipais de atención ao cidadán en materia de consumo. En virtude desta subscrición o Concello recibirá unha achega de 30.000 euros.

2.- Acórdase aprobar os proxectos Persoa IV e Plan de Acción Local polo Emprego 2008-2009 e solicitar unha subvención por importe de 576.000 euros (o importe total do proxecto ascende á cantidade de 720.000 euros) para o proxecto Persoa IV e outra de 480.000 euros (o importe total do proxecto ascende á cantidade de 600.000 euros) para o proxecto Pacto Local polo Emprego.

Así mesmo, apróbase a concurrencia do Concello á convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo (período 2007-2013) para proxectos que fomenten pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social.

3.- Acórdase solicitar á Consellería de Traballo unha subvención, ao abeiro da orde do 19 de decembro de 2007 para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito da colaboración coas entidades locais, para a contratación no exercicio 2008 de 168 traballadores e traballadoras desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral en varios departamentos municipais. A Consellería faise cargo do salario e o Concello dos gastos derivados da finalización do contrato.